



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, E
E ORDENACIÓN UNIVERSITAR

 **Gregorio SANZ**
Avda. de Luarca s/n
27700-RIBADEO (Lugo)
Teléfono: 982870704/Fax:982870706
ceip.gregorio.sanz@edu.xunta.es
Http://www.edu.xunta.es/centros/ceipgregoriosanz/

Estimadas familias :

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén de publicar a resolución, aínda provisional, (que pode consultarse no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/25543>) na que se dan a coñecer os centros E-Dixgal para este novo curso.

O noso centro incorporará o libro dixital nas **aulas de quinto nivel por primeira vez neste próximo curso**, polo que o alumnado recibirá unha ensinanza completamente dixital.

Entregaranse ordenadores portátiles ao alumnado a comezos de curso, xa que un dos pilares do proxecto consiste en proporcionarlles todo o material que necesiten neste modelo de ensinanza dixital, de forma totalmente gratuita para as familias. Polo que lles anunciamos que **non compren libros de texto** para quinto de primaria,

Co obxecto de que vostedes: pais /nais ou titores legais poidan quedar debidamente informados deste proxecto, quedan convocados para unha reunión co asesor de AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia) e o profesorado implicado, o martes 4 de setembro na biblioteca do centro ás sete da tarde.

Reciban saúdos cordiais

A directora:

Lourdes Marqués Espina

Ribadeo, 17 de xullo de 2018 .

